

RESOLUCIÓN DO PLAN DE PATROCINIO PUBLICITARIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA (EXERCICIO 2019)

De conformidade co previsto no Plan de Patrocinio que regula a tramitación e formalización dos convenios de patrocinio a subscribir pola Fundación Deporte Galego con motivo do Plan de Patrocinio Publicitario dos equipos de Alta Competición de Galicia (Exercicio 2019), o Padroado da Fundación adxudicou o 14 de xuño, os convenios de patrocinio coas entidades deportivas por un importe total de 2.753.900 euros, máis o 21% de i.v.e. (DOUS MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E TRES MIL NOVECENTOS, MÁIS I.V.E.). Total I.V.E. incluído: 3.332.219 euros (TRES MILLÓNS TRESCENTOS TRINTA E DOUS MIL DOUSCENTOS DEZANOVE EUROS).

A Fundación Deporte Galego, resolveu as seguintes incidencias relacionadas coa presentación da documentación a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia:

En relación con o expediente do ILLAS CIES TENIS DE MESA (equipo feminino de división de honra), á vista da documentación presentada no rexistro da Fundación por Manuel Pereiro Pérez, como socio da A.D. Vincios, denunciando a ilegalidade da cesión dos dereitos federativos do equipo feminino de división de honra da A.D. Vincios ao Illas Cies Tenis de Mesa así como á vista do certificado da Federación galega de Tenis de mesa, decidese:

- Non resolver neste padroado o expediente, á espera de completar a documentación sobre o efectivo cumprimento dos requisitos do Plan polo Club.
- Solicitar ao Illas Cies Tenis de Mesa a acreditación da cesión dos dereitos federativos, dándolle traslado do escrito remitido á Fundación a fin de que poida formular as observacións que considere oportunas en defensa dos seus dereitos e aportar no seu caso a documentación que permita a súa acreditación. Disporá ao efecto dun prazo máximo de 15 días naturais.
- Solicitar á Federación Galega de Tenis de Mesa información acerca da resolución da Real Federación Española de Tenis de Mesa citada no seu certificado e, en particular, acerca das razóns polas que estima que a cesión de dereitos axústase á legalidade. Asemade,




decídese solicitarlle un certificado adicional que acredite, no seu caso, que o equipo de división de honra feminino do Illas Cíes competiu na tempada 2018-2019. Disporá ao efecto dun prazo máximo de 15 días naturais.

- *Solicitar ao Club Vincios información acerca da cesión dos dereitos federativos ao Illas Cíes Tenis de Mesa e, en particular, acerca do cumprimento da sentenza n.º 4/2019, de 14 de xaneiro de 2019 do Xulgado de primeira Instancia n.º 11 de Vigo e do Auto n.º 188/2019, do 24 de abril de 2019, do mesmo Xulgado. Disporá ao efecto dun prazo máximo de 15 días naturais.*
- *Reservar o crédito necesario en caso de resolución positiva (6.107,43 euros, entendendo comprendido o importe de 1.059,97 euros do IVE correspondente ao 21%). No caso de acreditarse a concorrencia dos requisitos esixidos polo plan, poderase resolver positivamente atendendo aos datos de valoración aportados no informe técnico de data 7 de xuño de 2019 (6.107,43 euros, entendendo comprendido o importe de 1.059,97 euros do IVE correspondente ao 21%). No caso de non presentar a documentación en tempo ou de ser esta insuficiente, procederá adoptar unha resolución excluindo ao Illas Cíes Tenis de Mesa e repartindo o crédito reservado, distribuíndoo entre todos os equipos beneficiarios do plan atendendo aos criterios de valoración.*

Unha vez revisada a documentación presentada, este padroado resolve positivamente o expediente, e polo tanto resolve incluír ao equipo feminino ISLAS CÍES TENIS DE MESA no Plan de patrocinio Publicitario dos equipos de Alta Competición de Galicia (Exercicio 2019) cun importe de 6.107,43 euros iva incluído.

Estabéllese un prazo de 15 días naturais desde a recepción do convenio por parte do club para a presentación das xustificacións das esixencias establecidas no plan.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020



Jose Ramón Lete Lasa
Presidente